

Abril 2022

# CONCRECIÓN DO CURRÍCULO NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

DIRECTRICES XERAIS SOBRE A  
AVALIACIÓN DO ALUMNADO  
E OS CRITERIOS DE  
PROMOCIÓN E DE TITULACIÓN

IES DE COTOBADE

## Contido

1. CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	3
1.1. CARÁCTER DA AVALIACIÓN.....	3
1.1.1. Principios básicos:.....	3
A avaliación inicial .....	3
A avaliación formativa.....	3
A avaliación sumativa .....	4
1.1.2. Principios xerais:.....	4
1.1.3. Carácter Xeral da Avaliación:.....	5
2. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR O PROCESO DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS, EMITIR INFORMES DE AVALIACIÓN E GARANTIR O DEREITO DOS ALUMNOS A UNHA AVALIACIÓN OBXECTIVA. ....	5
2.1. INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE. ....	5
2.1. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR O PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO. 7	
Funcionamento xeral das sesións da Xunta de Avaliación: .....	8
O informe do Profesor Titor velará por informar sobre: .....	9
Aspectos específicos das sesións da Xunta de AVALIACIÓN SPARCIAIS E FINAL ao termos de cada curso de ESO: 1º, 2º, 3º y 4º: .....	9
Nas actas de avaliación.....	9
Consellos orientadores .....	10
Informes individualizados .....	11
2.2. PROCEDEMENTO PARA GARANTIR O DEREITO DOS ALUMNOS A UNHA AVALIACIÓN OBXECTIVA. ....	11
3. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN.....	13
4. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.....	15
4.1. CRITERIOS PARA Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. 4º CURSO de ESO .....	17
4.2. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS CON PARCIAIS PENDENTES. 18	
4.3. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR. ....	18
5. CRITERIOS PARA AVALIAR E, NO SEU CASO REVISAR OS PROCESOS DE ENSINANZA E A PRÁCTICA DOCENTE. ....	19
5.1. Axentes e instrumentos de análise inicial:.....	19
5.2. Elementos e criterios de avaliación e revisión. ....	20
5.2.1 Avaliación da práctica docente:.....	20
5.2.2. Avaliación das programacións docentes: .....	20
5.2.3. Temporalización das accións: .....	21

## 1. CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

### 1.1. CARÁCTER DA AVALIACIÓN.

#### 1.1.1. Principios básicos:

1. A avaliación, como un elemento máis do currículo, presentarase de maneira coherente cos demais elementos que o compoñen, é dicir, o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos e métodos pedagóxicos da etapa.
2. O proceso da avaliación acomodarse ao disposto na LEI ORGÁNICA 3/2020 e á normativa actualizada de avaliación recollida na ORDE DO 25 DE XANEIRO DO 2022 da nosa comunidade.
3. O equipo docente constituído polo conxunto do profesorado do alumno ou alumna, coordinados polo titor ou titora e asesorados, no seu caso, polo especialista do Departamento de Orientación, actuará colexiadamente ao longo do mesmo.
4. A avaliación contribúe á consecución dunha aprendizaxe significativa a través dun proceso que ten distintos momentos: parte dunha **No se encuentran entradas de índice. “avaliación inicial”**, progresa ao longo do curso aplicando o concepto de **“avaliación formativa”** e conclúe no último momento cunha **“avaliación sumativa”**.

#### A avaliación inicial

Partir do nivel de desenvolvemento dos alumnos supón realizar unha avaliación inicial para determinar os coñecementos previos e os intereses dos alumnos (a “base” da que se parte na construción da aprendizaxe) e, así, poder adecuar as programacións docentes á realidade da aula.

#### A avaliación formativa

No desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe aprovéitase toda a potencialidade do carácter “formativo” da avaliación para implicar aos alumnos no seu propio proceso de aprendizaxe, e para axustar a axuda pedagóxica segundo a información que se vai obtendo.

## A avaliación sumativa

A avaliación sumativa permite coñecer se se obtivo ou non o grao de aprendizaxe que de cada alumno agardamos e, sempre, cal é o nivel de aprendizaxe que acadou para tomalo como punto de partida -como avaliación inicial- dun novo programa educativo.

A avaliación sumativa establece os seus niveis, non con respecto a baremos fixos preestablecidos, senón tendo en conta a avaliación inicial individual, e nútrese da avaliación formativa e de información procedente de probas específicas deseñadas ao efecto, aínda nunca só destas.

### 1.1.2. Principios xerais:

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo.
2. O profesorado avaliará aos seus alumnos e alumnas tendo en conta os diferentes elementos do currículo: obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación.
3. Os criterios de avaliación das materias serán referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como o da consecución dos obxectivos.
4. A avaliación, inmersa nos procesos de ensinanza e aprendizaxe, terá un carácter continuo e realizarase mediante a observación e os seguimentos sistemáticos co fin de detectar as dificultades, detectar as súas causas e adoptar as medidas necesarias: programas de reforzo ou plans específicos individualizados.
5. No proceso de avaliación terase en conta que os obxectivos e as competencias básicas alcánzanse por medio de diferentes tipos de contidos (conceptos, procedementos e actitudes, incluídos no currículo de cada materia) e, tamén, mediante diferentes medidas organizativas e funcionais, mediante o uso de metodoloxías e recursos didácticos diversos e por medio das actividades complementarias e extraescolares e a acción tutorial.

### 1.1.3. Carácter Xeral da Avaliación:

Os anteriores principios definen o carácter xeral da avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria como unha avaliación **continua, formativa, individualizada e** seguindo os criterios.

A AVALIACIÓN, como instrumento ao servizo do proceso de ensinanza e aprendizaxe, será CONTINUA (o que se fai diariamente na aula), FORMATIVA (en canto á aprendizaxe, permitirá detectar as dificultades no momento no que se producen, detectar as súas causas, adoptar as medidas necesarias de reforzo e apoio educativo; en canto á ensinanza, para adaptar os procesos de ensinanza á práctica docente), e INDIVIDUALIZADA (referida aos alumnos concretos).

Seguiranse os CRITERIOS de avaliación explícitos, claros e asequibles. Os profesores avaliarán as aprendizaxes dos alumnos tendo como referente as capacidades e competencias básicas que desenvolven, os obxectivos xerais da etapa, os obxectivos específicos e os criterios de avaliación da propia materia, así como as características dos alumnos.

## 2. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR O PROCESO DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS, EMITIR INFORMES DE AVALIACIÓN E GARANTIR O DEREITO DOS ALUMNOS A UNHA AVALIACIÓN OBXECTIVA.

### 2.1. INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE.

Considéranse **instrumentos** de avaliación todos aqueles documentos ou rexistros utilizados polo profesorado para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno.

Os instrumentos de avaliación deben cumprir os seguintes requisitos ou características:

- a) Que sexan variados, de xeito que permitan avaliar as distintas capacidades e competencias básicas, que sexan aplicados a distintos tipos de contidos (conceptos, procedementos, actitudes). Débense contrastar e completar a información obtida a través de distintos instrumentos.
- b) Que proporcionen información concreta e obxectiva sobre o que se pretende avaliar, sen que conteñan variables que influan os datos que se obteñan coa súa aplicación.

- c) Que utilicen distintos códigos (verbais, xa sexan orais o escritos, icónicos, gráficos, numéricos, audiovisuais etc.) de modo que se adecúen ás distintas capacidades e competencias do alumno sen que o código obstaculice a resposta ao contido que se pretende avaliar.
- d) Que sexan aplicables en situacións diversas da actividade escolar. Por ex. as mesmas actividades de aprendizaxe, así como actividades complementarias e extraescolares poden servir á vez para avaliar.
- e) Que permitan avaliar a transferencia das aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade, aspecto este directamente relacionado co concepto de "competencia" como "saber facer" ou a utilización efectiva do aprendido nas diferentes situacións e contextos.

Tendo en conta que non todos son igualmente válidos para avaliar os distintos contidos e competencias, propóñense como **instrumentos de avaliación** os seguintes:

- a) O caderno de traballo individual do alumno. As intervencións orais na clase.
- b) Os rexistros dos medios telemáticos: correo corporativo e aula virtual.
- c) As probas específicas acordadas coas distintas materias: probas obxectivas, interpretación de datos (comentario de textos, gráficos, láminas, audicións...), exposición de temas, resolución de exercicios e problemas, realización de exercicios físicos e actividades deportivas.
- d) Os traballos monográficos realizados individualmente ou en equipo.
- e) A observación diaria do alumno, rexistrada de algún modo relativa ao traballo e á participación en termos de actitude.

Estes instrumentos de avaliación, cuxa información xustifica as decisións respecto ao alumno deberán ser conservados, ao menos, ata seis meses despois de formuladas as correspondentes cualificacións finais do curso.

## 2.1. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR O PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO.

Os departamentos didácticos e profesorado poderán deseñar e aplicar probas iniciais ou actividades específicas co obxecto de precisar os coñecementos previos, os intereses e os estilos de aprendizaxe etc. sobre os contidos das distintas materias. O plan de actividades de avaliación inicial concretarase na programación docente de cada materia.

Os Equipos Educativos, coordinados polo titor e co asesoramento, no seu caso, do Departamento de Orientación analizarán a información recollida ao principio de curso sobre o historial escolar, o ambiente familiar e as características persoais de cada alumno que sexan relevantes para adecuar a acción educativa ás características do grupo e á situación individual dos alumnos. Concretarase na PXA e no plan de Acción Titorial o calendario e as actuacións específicas para dito obxectivo.

Os profesores das distintas áreas e materias, coordinados polo profesor titor, analizarán os procesos de aprendizaxe dos alumnos nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente, coa finalidade de adecuar a axuda pedagóxica personalizada, intercambiar información, establecer acordos de actuación, manter unha comunicación fluída cos alumnos e os seus pais informándoos da evolución do proceso de aprendizaxe. Con isto reforzase a autoestima, establécense as premisas para a reflexión sobre a propia aprendizaxe e favorécese a aprendizaxe autónoma. É necesario que os alumnos coñezan os obxectivos que se perseguen, o que realmente progresaron, as dificultades que encontraron e as estratexias que máis poden axudarlles a superalas. Co fin de potenciar a comunicación cos profesores e o coñecemento por parte dos alumnos dos seus progresos e dificultades, os profesores informaranos dos resultados das actividades especificamente orientadas á avaliación da aprendizaxe (probas escritas, controles, exames etc.) e os alumnos terán acceso a estes revisándoos co profesor.

Para o desenvolvemento e cumprimento das anteriores tarefas e fins, o profesorado de cada grupo reunirse, polo menos, dúas veces ao trimestre como Equipo Educativo, e celebraranse **tres sesións de avaliación parciais**, que terán lugar unha en cada trimestre do curso escolar. A maiores, unha **avaliación final a finais do mes de xuño**. Haberá un período entre a terceira e a final co desenvolvemento de actividades de reforzo e apoio para alumnos que obtiveran algunha cualificación negativa nas recuperacións das

áreas dos dous primeiros parciais ou a non superación do terceiro. Para os demais, este período pódese utilizar para ampliación de contidos.

O equipo docente, coordinado polo titor ou titora, e asesorado, no seu caso, polo especialista do Departamento de orientación, actuará de maneira colexiada ao longo do proceso de avaliación do alumnado e adoptará por maioría simple do profesorado que lle imparta docencia as decisións correspondentes en materia de promoción e titulación, seguindo os criterios establecidos no Proxecto Educativo do Centro.

Na PXA fixarase o calendario de reunións de coordinación dos equipos docentes e xuntas de avaliación. A Xefatura de Estudos propoñerá os procedementos de preparación e desenvolvemento das reunións do Equipo Educativo, e establecerá os modelos de Actas e rexistros documentais nos que se deixará constancia das decisións colexiadas, así como un modelo que recolla a información para o estudante e as súas familias tras a celebración das xuntas de avaliación.

### Funcionamento xeral das sesións da Xunta de Avaliación:

O profesorado, previamente á Xunta, introducirá con 48 horas de antelación as notas das súas materias na aplicación XADE.

Os profesorado consignará na Xunta de Avaliación os seguintes datos:

- a) Unha apreciación sobre o nivel de “interese e esforzo” demostrado polo alumno.
- b) As cualificacións das materias expresadas nunha escala numérica de una dez, , aplicándose as seguintes correspondencias: “Insuficiente” (1, 2, 3 ó 4), “Suficiente” (5), “Ben” (6), “Notable” (7 u 8) e “Sobresaliente (9 ó 10)”.
- c) Considerarase cualificación negativa o Insuficiente, e positiva todas as demais.
- d) Posibles incidencias de faltas na valoración do rendemento do alumno.

Nas sesións de avaliación, que serán presididas polo Profesor Titor, estarán presentes todos os **membros** da Xunta de Profesores do grupo non podendo celebrarse a sesión cando estea ausente un terzo dos mesmos.



O profesor titor expoñerá un informe de valoración do seu grupo a nivel de condutas e de resultados do parcial, a análise do rendemento do alumnado, e atenderá ás distintas opinións dos profesores das distintas materias e á adopción dos correspondentes acordos.

**O informe do Profesor Titor velará por informar** sobre:

- a) Unha valoración global do rendemento académico.
- b) Aspectos relativos ao funcionamento do grupo: puntualidade, asistencia, participación, convivencia etc.
- c) Análise dos casos individuais relevantes, se existen.
- d) Valoración da propia acción titorial na relación cos alumnos e cos pais.
- e) Proposta de acordos para mellorar o proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- f) Posibles cambios das posicións dos alumnos na aula.

Das sesións levantarase **ACTA DA XUNTA DE AVALIACIÓN** polo Profesor Titor (conforme ao modelo facilitado pola Xefatura de Estudos) na que se recollerá unha valoración dos resultados do grupo, a progresión dos alumnos con materias pendentes, unha valoración do proceso de ensinanza, a relación de profesores do grupo asistentes e ausentes, os acordos alcanzados e as decisións adoptadas. A valoración dos resultados derivados destes acordos e decisións constituirá o punto de partida da seguinte sesión de avaliación.

As posibles modificacións nas cualificacións resultado da Xunta de Avaliación, rexistraranse no soporte informático XADE .

**Aspectos específicos das sesións da Xunta de AVALIACIÓN PARCIAIS E FINAL ao termos de cada curso de ESO: 1º, 2º, 3º y 4º:**

**Nas actas de avaliación**

(cuxo contido axustarase ao modelo oficial segundo a normativa vixente) consignaranse :

- a) Alumnado suspenso e aprobado por materias, alumnado repetidor e programa de reforzo para a superación das materias pendentes.
- b) Alumnado con reforzos, ACIS, resultados obtidos, e farase constar, tamén, o número de materias non superadas de cursos anteriores.
- c) Valoración dos resultados e resumo das intervencións.

- d) Propostas de medidas de tutoría e disciplinarias para a próxima avaliación
- e) Propostas de atención á diversidade para a seguinte avaliación
- f) Así mesmo, incluírase a decisión sobre promoción ou permanencia un ano máis no curso. Na de cuarto curso recollerá a proposta para a expedición do Título de Graduado na Educación Secundaria.

As **ACTAS DE AVALIACIÓN** serán asinadas polo titor.

O Profesor Titor, despois de cada sesión de avaliación, informará aos pai/nais sobre o rendemento académico dos seus fillos, incluíndo as cualificacións obtidas, e sobre a marcha do seu proceso educativo.

### Consellos orientadores

1. Ao finalizar o segundo curso entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a tutoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.
2. Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.
3. Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

4. Este consello orientador elaborará o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinatura do profesorado titor e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno.

O Profesor Titor, despois da avaliación final informará aos pais/nais por escrito sobre o proceso de ensinanza aprendizaxe a través deste documento. Nel recóllense aspectos relativos á traxectoria académica e persoal na Educación Primaria, Secundaria e no curso que estea cursando nese momento. Ademais, concretaranse medidas de atención á diversidade adoptadas, grao de adquisición de contidos e competencias e interese do alumno na continuidade con respecto aos seus estudos.

Por último, recolleranse as opcións recomendadas polo equipo docente cara ao seguinte curso, así como a decisión sobre a promoción ou titulación.

### Informes individualizados

Créase un informe individualizado polo equipo docente unha vez rematado o terceiro parcial. Nel recolleranse as materias sen superar do curso actual e aspendentes, as partes que serán obxecto de recuperación a través de actividades dereforzo e que servirán de base para o traballo a realizar no período destinado a tal fin no mes de xuño.

**Contarase coa información dos profesores das materias afectadas.** Ademais, servirá de información cara ás familias do proceso de recuperación.

## 2.2. PROCEDEMENTO PARA GARANTIR O DEREITO DOS ALUMNOS A UNHA AVALIACIÓN OBXECTIVA.

*Marco normativo: Orde do 2 de marzo de 2021 que regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos; Circular 1/2022 que precisa aspectos sobre a anterior Orde.*

-1 Os alumnos teñen dereito a que a súa dedicación, esforzo e rendemento escolar sexan valorados e recoñecidos con obxectividade. Para garantir o exercicio deste dereito e, sobre todo, para resaltar o carácter formativo que ten a avaliación e lograr unha maior eficacia no proceso de aprendizaxe dos alumnos:

1.2. Daranse a coñecer os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e os mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva nas distintas materias do currículo, así como os criterios de promoción e titulación. Para isto establécense os procedementos seguintes:

1.2.1. Os profesores informarán aos seus alumnos a principio de curso dos aspectos anteriores, incluídos na programación docente ou na concreción do currículo; e

1.2.2. Estarán dispoñibles ante calquera dúbida nos departamentos, a documentación relativa ás programacións docentes e os proxectos curriculares nos que se especifiquen (obxectivos, procedementos de avaliación, criterios de cualificación e os mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva).

1.2.3. Os tutores e os profesores manterán unha comunicación fluída cos pais/nais no relativo ao aproveitamento académico dos alumnos, á marcha do proceso de aprendizaxe e das decisións que adopten como resultado deste proceso. Para cumprir esta tarefa de comunicación coas familias, darase a coñecer ao principio de curso o horario de visita semanal que ten o profesor tutor e todos os profesores de cada grupo.

2. Os tutores informarán aos alumnos e aos seus pais/nais dos criterios que se aplicarán para decidir a promoción ao curso seguinte e, no caso do curso final de etapa, dos criterios para a obtención do título de Graduado na Educación Secundaria.

3. Co fin de potenciar a comunicación cos profesores e o coñecemento por parte dos alumnos dos seus progresos e dificultades, os profesores informaranos dos resultados das actividades especificamente orientadas á avaliación da aprendizaxe (probas, controis, exames etc.) e atenderán as aclaracións que soliciten os pais ou representantes legais dos alumnos acerca das valoracións que se realicen sobre o proceso de aprendizaxe dos alumnos, sobre as cualificacións ou decisións finais que se adopten como resultado de dito proceso.

4. Os pais/nais estarán ao corrente da existencia no noso centro dun protocolo de revisión de notas.

5. Os alumnos, ou seus pais, que aínda así non estean conformes, poden formular reclamacións contra as decisións e cualificacións que se adopten ao final do curso ou etapa.

Para garantir este dereito:

1. A Xefatura de Estudos fará públicos ao final do curso os prazos establecidos para solicitar aclaracións aos profesores e informará aos alumnos e aos seus pais/nais legais sobre os termos que se establecen para formular as reclamacións (prazos, alegacións, recursos etc.).
2. Os procedementos de reclamación serán os previstos na normativa vixente.

Para garantir a tramitación administrativa das reclamacións, dende o momento no que se presente unha reclamación constituirase un **expediente de reclamación que terá os seguintes documentos:**

- a) Modelo de reclamación;
- b) Informe do Departamento Didáctico ou, no seu caso, da Xunta de Avaliación, achegando para o seu fundamento copia da documentación pertinente (probas, tarefas, exercicios e traballos escritos ou calquera outra produción do alumno que puidera ser obxecto dunha cualificación e os rexistros utilizados para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno)
- c) Copia da información facilitada sobre a programación.
- d) Copia dos procedementos e instrumentos de avaliación e dos criterios de cualificación;
- e) Copia dos criterios de promoción e de titulación.
- f) Copia da acta de cualificación do grupo e da Xunta de Avaliación.
- g) Resolución do titular da Dirección do centro.
- h) Copia do recibín do reclamante ou do acuse de recibo da comunicación da Resolución do titular da Dirección do centro.

Todos os rexistros ou documentos de avaliación que formen parte dun expediente de reclamación conservaranse ata que a Resolución do procedemento sexa firme.

### 3. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN.

Co respecto á avaliación, adoptaranse as modificacións oportunas, de acordo co previsto na ORDE DO 2 DE MARZO DE 2021.

#### 1. Aspectos a destacar:

1.1 As tres avaliacións pasan a denominarse como PERÍODOS PARCIAIS aínda que seguen mantendo o carácter de trimestrais.

1.2 A avaliación ordinaria pasa a chamarse AVALIACIÓN FINAL.

1.3 A avaliación extraordinaria desaparece; no seu lugar existe un período no mes de xuño de 15 días aproximadamente no que os alumnos e seguindo o horario normal realizarán tarefas de apoio e reforzo que lles facilita superar as partes pendentes do curso actual, e as materias pendentes se así existiran. Os demais alumnos, e a criterio do profesor poderán facer tamén reforzos, ampliación de contidos, apoio a compañeiros etc., que lles permitan mellorar a súa notacara á obtención da final.

2. Os criterios de avaliación de cada materia serán referente fundamental para valorar o grao de aprendizaxe, tanto na adquisición das competencias básicas como na de consecución dos obxectivos, aplicando os “instrumentos de avaliación” antes citados. Estes criterios serán modificados nas respectivas programacións.

2.1 Para valorar o indicador “**interese e esforzo**” que aparece nos documentos de avaliación, o profesor aplicará o instrumento “observación diaria dos alumnos”.

Cada profesor estimará o peso que considere na valoración da nota global. Poderá atender entre outros aos seguintes criterios cualitativos:

- PUNTUALIDADE. Incorpórase ás clases con prontitude e inicia as actividades de aula con dilixencia.
- INTERESE E DEDICACIÓN NAS TAREFAS DE CLASE. Atende e toma notas durante a explicación, solicita aclaracións complementarias cando ten dúbidas, intervén nas actividades de debate e posta en común, realiza os seus traballos de clase procurando non distraerse, participa activamente na realización de traballos en equipo, esfórzase por mellorar o seu rendemento escolar.
- INTERESE E DEDICACIÓN NOS TRABALLOS DE CASA. Realiza as súas tarefas de casa diariamente, cumpre cos prazos establecidos para a entrega de traballos; entrega os seus traballos de forma adecuada (limpos, ordenados, completos etc.)

- **USO DOS MATERIAIS DIDÁCTICOS.** Trae e utiliza cada día os materiais necesarios para a clase: libros, dicionarios, cadernos, roupa deportiva, materiais de plástica etc. Utiliza os seus materiais e os do centro (libros da biblioteca, equipo de uso común, ordenadores, instalacións etc) de maneira adecuada.
  - **NIVEL DE CONVIVENCIA.** Manifesta unha actitude de respecto cos seus compañeiros, cos profesores e o persoal non docente, no centro e fóra do mesmo. Non distrae aos seus compañeiros nin interrompe co seu comportamento as actividades da clase. Utiliza as instalacións e materiais do instituto con normalidade, coidando que non sufran outro deterioro que o debido ao uso normal dos mesmos.
3. A relación de titores coas familias será regular e fluída, supervisando a evolución do alumnado.
  4. Incorporación dun Protocolo de Revisión de Notas.

#### 4. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.

Na avaliación final, adoptaranse as decisións relativas á **promoción e titulación** do alumnado, de acordo co previsto na ORDE DO 2 DE MARZO DE 2021, CIRCULAR 1/2022 ,ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2022

##### **Aspectos a destacar:**

1. Axustar as programacións atendendo aos novos criterios de promoción e titulación.
2. A relación de titores coas familias será regular e fluída, supervisando a evolución do alumnado para as posibilidades de promoción e titulación do mesmo.
3. Ao rematar unha avaliación os alumnos empezarán un proceso de recuperación e seguimento das materias non superadas do curso actual, así como das pendentes doutros cursos. Este período facilita as posibilidades de promoción e titulación do alumnado.
4. A Promoción proporcionarase ao curso seguinte cunha ou dúas suspensas sendo computables as materias pendentes de cursos anteriores.

Ademais, poderase decidir a **promoción se se cumbran unha serie de condicións.**

- 1) A existencia de 2 materias suspensas na coincidencia de Matemáticas e Lingua Castelá ou de Matemáticas e Lingua Galega deixa de ser motivo de repetición.
- 2) Titulación será automática de ter todas as materias aprobadas incluídas as pendentas. Poderase decidir a Titulación se se cumbran unha serie de condicións.
- 3) A repetición dun alumno/a non pode ser superior a dúas veces en toda a etapa de ensino obrigatorio.

1. A Promoción poderá ser decidida polo equipo docente con máis de dúas materias se se considera que se cumbran os seguintes requisitos:

- a) Ter unha media aritmética de 5, computando todas as materias nas que estea matriculado.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias suspensas lle permite seguir con éxito o seguinte curso
- c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación
- d) Que o equipo docente estime que a súa promoción beneficiará a súa evolución académica.

**Seguirase o seguinte procedemento:**

Cada un dos profesores que impartiu clase ao alumno pronunciarase sobre a conveniencia de que este pase ou non pase ao curso seguinte.

**En cada caso concreto considerárase:**

- A media da cualificación final obtida polo alumno nas diferentes materias.
- Se o alumno desenvolveu as competencias básicas que lle permiten proseguir con aproveitamento os estudos do curso seguinte co correspondente programa de reforzo.
- A valoración do indicador “interese e esforzo demostrado”.
- Atender á situación persoal, familiar e social do alumno.

Unha vez e tendo en conta todo o anterior, o equipo docente (os profesores que deron clase ao alumno) decidirá colexiadamente, por maioría simple, se estiman que a promoción podería favorecer as súas posibilidades de recuperación e progreso e, no caso favorable, o Equipo Docente propoñerá a Promoción do alumno ao curso seguinte. Deste proceso deixarase constancia escrita na Acta da Xunta de Avaliación final.



**A Titulación** poderá ser decidida polo equipo docente con algunha(s) materia(s) non superada(s) se considera que se cumpran os seguintes requisitos: a) Ter unha media aritmética de 5, computando todas as materias nas que estea matriculado b) Que o equipo docente considere que adquiriu as competencias establecidas c) Que o equipo docente estime que alcanzou os obxectivos de etapa.

**Seguirase o seguinte procedemento:**

Cada un dos profesores que impartiron clase ao alumno pronunciaranse sobre a conveniencia de que este titule ou non titule. En cada caso concreto considerárase:

A media da cualificación final obtida polo alumno nas diferentes materias.

A valoración do indicador “interese e esforzo demostrado”.

Atender á situación persoal, familiar e social do alumno.

Os alumnos con **necesidades educativas especiais** seguirán os referentes de avaliación incluídos na adaptación, sen que isto poida impedirles a promoción a seguinte curso ou a obtención do título de graduado(a) en educación secundaria obrigatoria (ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación).

Para os alumnos que non promocionen e deban permanecer un ano máis no mesmo curso, o equipo educativo propoñerá **un plan específico personalizado** para superar as dificultades detectadas no curso anterior. Este plan específico personalizado integrarase no Programa de Atención á Diversidade que faga o Centro no seguinte curso.

Para os alumnos que promocionen sen acadar todas as materias o equipo docente elaborará y propoñerá un **programa de reforzo** para recuperar os aprendizaxes non adquiridos. Este programa de reforzo integrarase no Programa de Atención á Diversidade que organice o Centro no seguinte curso.

#### **4.1. CRITERIOS PARA Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. 4º CURSO de ESO**

1. Nas sesións de avaliacións finais, propoñeranse para á obtención do título os alumnos avaliados positivamente en todas as materias.
2. A Xunta de Profesores, na avaliación final, poderá propoñer para a obtención do título se considera que os alumnos alcanzaron as competencias básicas e os obxectivos de etapa, tendo ademais como requisito unha media aritmética de 5 no conxunto das materias.
3. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

Cada un dos profesores que lle impartiron clase ao alumno pronunciarase sobre a conveniencia ou non da obtención da titulación.

En cada caso concreto considerárase:

A cualificación media final obtida polo alumno nas diferentes materias.

Se o alumno desenvolveu as competencias básicas que lle permiten proseguir co aproveitamento os estudos da etapa posteriores.

A valoración no indicador “interese e esforzo demostrado” (realiza as tarefas, traballos e exercicios propostos, atende e demostra actitude positiva na clase e no hai abandono manifesto das materias non superadas).

O informe do Titor, co asesoramento, no seu caso, do Departamento de Orientación, sobre a situación persoal, familiar e social do alumno, e sobre a súa avaliación académica e expectativas ao final da etapa de educación obrigatoria (acceso a Ciclos Formativos de Grao Medio ou inserción no mundo laboral).

Unha vez tido en conta todo o anterior, o equipo docente decidirá colexiadamente, por maioría simple, se o alumno é proposto para a titulación ou non. Deste proceso e da decisión tomada deixarase constancia escrita na Acta da Xunta de Avaliación final.

Para os alumnos con **necesidades educativas especiais** poderá prolongarse un ano máis a súa escolarización nos termos establecidos no Art. 20.4 do Real Decreto 217/2022.

#### 4.2. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS CON PARCIAIS PENDENTES.

Na Terceira Avaliación cada profesor propoñerá, atendendo a súa programación docente, unha serie de actividades de apoio e reforzo para realizar durante o período entre o 6 e o 22 de xuño.

#### 4.3. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR.

Cando un alumno promociona ao curso seguinte con avaliación negativa en algunha materia, o departamento didáctico correspondente, de non cursar tal materia no curso seguinte, establecerá o programa de reforzo coas medidas para recuperar as aprendizaxes non adquiridas.

Tales medidas de recuperación das pendentes do curso anterior programaranse igualmente para as materias que se cursen no curso seguinte.

As recuperacións programaranse tendo en conta a natureza das dificultades de aprendizaxe detectadas, e a continuidade ou non no curso seguinte das materias nas que se manifestaron esas dificultades.

O profesor da mesma materia do curso seguinte velará polo cumprimento das medidas do programa de reforzo proposto ou propoñeráas no caso de que non se establecesen previamente.

Cando o alumno vaia superando a avaliación correspondente no programa de reforzo, constará dita circunstancia no lugar apropiado dos documentos de avaliación: na acta da 1ª o 2ª avaliación se é o caso e, finalmente, na acta da avaliación final. Para os alumnos que non promocionen e deban quedar un ou máis no mesmo curso o equipo educativo propoñerá **un plan específico personalizado** para superar as dificultades detectadas no curso anterior. Este plan específico personalizado integrarase no Programa de Atención á Diversidade que organice o Centro no curso seguinte.

## 5. CRITERIOS PARA AVALIAR E, NO SEU CASO REVISAR OS PROCESOS DE ENSINANZA E A PRÁCTICA DOCENTE.

### 5.1. Axentes e instrumentos de análise inicial:

Os Profesores persoalmente e os órganos colexiados (os equipos docentes, os Departamentos, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o Claustro de Profesores e o Consello Escolar) en equipo, analizarán:

- O grao de satisfacción que é resultado da execución dos plans programados.
- As estatísticas de resultados académicos do centro que presenta a Xefatura de Estudos despois das avaliacións dos alumnos.
- O grao de satisfacción dos alumnos e das familias e as que garanten unha valoración obxectiva do rendemento escolar dos alumnos.
- Calquera outro indicador posible.

## 5.2. Elementos e criterios de avaliación e revisión.

### 5.2.1 Avaliación da práctica docente:

Non se poden establecer uns “criterios xerais” xa que as propostas sempre gardarán relación coas situacións concretas de partida. Non obstante, e a título indicativo, pode resultar útil facer unha análise e revisión de:

- A **información** que se lle dá aos alumnos e familias sobre os conceptos, procedementos e actitudes que se lles espera que asimilen ao final do proceso educativo, establecendo con claridade os niveis de cualificación que se lle aplicarán e de modo xeral, intensificando esta información.
- Os **mínimos** establecidos nas programacións docentes, axustándoos se fose aconsellable.
- Os **procedementos e instrumentos** de avaliación para poñer de manifesto os progresos dos alumnos, diversificando os procedementos e instrumentos e valorando o que lle corresponde a cada un na cualificación final.
- As **actividades de reforzo e adaptación curricular** na aula, dedicando máis tempo a estas tarefas.
- Os **enfoques metodolóxicos**, perseguindo aprendizaxes funcionais, partindo dos coñecementos previos dos alumnos e poñendo énfase nas tarefas de autoaprendizaxe e traballo en equipo, reforzando a interdisciplinabilidade etc.

### 5.2.2. Avaliación das programacións docentes:

Os Departamentos avaliarán polo menos os elementos das Programacións Docentes, que se citan máis abaixo; recollerán as posibles modificacións na acta da reunión e incorporaranas á Programación do ano seguinte:

- Oportunidade da selección, distribución e secuenciación dos contidos ao longo do curso.
- Idoneidade dos métodos utilizados e dos materiais didácticos propostos para uso dos alumnos.
- Adecuación dos criterios de avaliación.

### 5.2.3. Temporalización das accións:

Os procesos de ensinanza e a práctica docente avaliaranse e revisaranse de modo continuo e, puntualmente, nos seguintes momentos:

- Nas reunións que convocan os Departamentos facendo un seguimento das programacións e dos procesos de ensinanza aprendizaxe e dos resultados da avaliación do alumnado. Nestas actas recolleranse as propostas de modificación, adaptación ou mellora que ditos procesos de seguimento e valoración aconsellen.
- Nas Xuntas de Avaliación, a aprendizaxe do alumnado analizarase, xunto cos aspectos vinculados ao proceso de aprendizaxe, tamén aqueles outros asociados á práctica docente que inciden nos resultados acadados do grupo; e propoñeranse as medidas ou adaptacións axeitadas no caso de producirse unha desviación negativa e significativa no grupo.
- Nas reunións do Claustro de Profesores correspondentes a finais do primeiro e segundo trimestre en cuxa orde do día figurará como puntos concretos no Informe de Xefatura de Estudos “analizar e valorar a evolución do rendemento escolar do instituto a través dos resultados das avaliacións e cantos outros medios se consideren adecuados” e “supervisar a marcha da Programación Xeral Anual e propoñer, no seu caso, as oportunas medidas de axuste, das que o Equipo Directivo informará ao Consello Escolar”.
- Na reunión do Claustro de Profesores que ten lugar na última semana do mes de xuño, en cuxa orde do día figura “analizar e avaliar os aspectos docentes e non docentes da PXA, constituíndo as súas conclusións .
- Nas reunións do Consello Escolar, na convocatoria de cada trimestre e na de final de curso, analizarase e valorarase o desenvolvemento da PXA, o **funcionamento xeral do centro**, a evolución do **rendemento escolar** e os resultados das **avaliacións internas e externas** nas que participe o centro.